

## **XOTA DE CAROI, COTOBADE, PONTEVEDRA.**

Anque veño de tamancas,  
Anque de tamancas veño,  
Anque veño de tamancas,  
Zapatos tamén os teño

*Baila aquí, baila aquí, miña nena,  
baila que no hai pó nin area,  
que no hai pó nin area nin nada,  
baila aquí miña nena salgada*

### **CANTO DE RIPA-LO LIÑO**

Celavente, O Bolo, Ourense, Cancioneiro Popular Galego.

[Io Ferreiro vai fóra] bis  
i a muller tamén  
mira Pepe  
i a muller tamén

[Estaba detrás da porta] bis  
i eu ben sei con quen  
mira Pepe  
i eu ben sei con quen

[Estaba mallando ferro] bis  
E non lle saliu ben  
Mira Pepe  
Non lle saliu ben

[Estróupele, estroupelear  
Que vén o tempo  
do liño mazar ]bis

### **CANCIÓN DE CAMIÑO DE PEREIRO**

A MEZQUITA, Ourense, Cancioneiro popular galego.

Viva a chaira,  
Viva a chaira,  
Ai, Viva a chaira de Riós,  
Viva a chaira,  
Viva a chaira,  
Ai, que a chaira somos nós.

Ruxa o ferro,  
Ruxa o ferro,  
Ai, ruxa o ferro e corra o norte,  
O diñeiro do meu amo,  
Ai, non se gana nesta sorte

